



*Incivil* ten como trasfondo e materia poética a realidade derivada da sublevación fascista do 36, ollada, na súa meirande parte, dende a perspectiva dos sufridores da guerra e da posguerra de Franco en Galiza, a xente común.

O escenario é unha zona concreta do territorio, a raia seca que se estende pola volta de Celanova —en cuxo cimo da traxedia se ergue o monte Furriolo—, dende onde se fai extensíbel a todas as partes o desalento.

Os nomes que aparecen no libro son reais, o mesmo ca as feridas e as pragas padecidas polos seus protagonistas. Hai que recordar que, só no período 1936-1939, a represión franquista en Galiza fixo desaparecer máis de 12.000 persoas.

Esta é unha obra coral e colectiva. O individuo singularizado é mostra da violación dos dereitos máis básicos da persoa, tales como a paz, a liberdade ou a vida. Ao mesmo tempo, e dende unha perspectiva actual, convértense en símbolos universais, repetíbeis, arestora, nos massacres contra a poboación civil de tantos lugares do mundo.